



## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
  - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
  - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
  - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
  - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
  - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
  - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. Que comprende a violencia de xénero segundo o artigo 1 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero?**

- A) Unicamente a violencia física.
- B) A violencia física e psicolóxica, excluindo agresións á liberdade sexual.
- C) A violencia cara menores de idade, excluindo aos familiares.
- D) A violencia física e psicolóxica, incluíndo agresións á liberdade sexual.

**2. O dereito da protección da saúde segundo a Constitución Española enmárcase dentro de:**

- A) Dereitos e deberes dos cidadáns.
- B) Dereitos fundamentais.
- C) Garantías das liberdades.
- D) Principios reitores da política social e económica.

**3. En que casos se pode nomear persoal estatutario substituto, segundo o artigo 9 bis do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde?**

- A) Substitución parcial, redución da xornada ordinaria e exceso de tarefas.
- B) Substitución, substitución parcial e cobertura de prazas vacantes.
- C) Substitución, substitución parcial e redución da xornada ordinaria.
- D) Substitución, substitución parcial e execución de programas temporais.

**4. Cal dos seguintes principios NON forma parte dos principios reitores do Sistema Público de Saúde de Galicia, segundo o artigo 32 da Lei de saúde de Galicia?**

- A) A promoción do interese individual, familiar e social pola saúde.
- B) A competitividade na xestión dos servizos sanitarios.
- C) A cooperación intersectorial como elemento de cohesión.
- D) A participación e implicación de profesionais no sistema sanitario.

**5. Para ser elixido Presidente da Xunta de Galicia en primeira votación é necesario obter:**

- A) A maioría simple do Parlamento.
- B) A maioría absoluta do Parlamento.
- C) Maioría de dous tercios do Parlamento.
- D) Maioría de tres quintos do Parlamento.

**6. De conformidade coa Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a valoración, selección e expurgación da documentación clínica correspóndelle a:**

- A) Médico/a responsable da historia clínica do paciente.
- B) Servizo de documentación clínica.
- C) Consello asesor do paciente.
- D) Comisión de Consentimento informado.

**7. Segundo a Lei 3/2001, do 28 de maio, cando o médico traballe por conta e baixo a dependencia dunha institución sanitaria, as historias clínicas son propiedade de:**

- A) O persoal médico responsable da súa asistencia.
- B) O paciente, en todo caso.
- C) A familia do paciente, no suposto de falecemento deste.
- D) A Administración sanitaria ou entidade titular do centro sanitario.

**8. O artigo 10 da Lei Xeral de Sanidade establece que os pacientes teñen dereito a:**

- A) Que se lles asigne un médico, do cal se lles dará a coñecer o nome, que será o seu interlocutor principal co equipo profesional, situación que non será substituíbel.
- B) Que se lles asigne un equipo sanitario, o nome das persoas que o forman daráselles a coñecer e velará pola súa saúde e integridade física.
- C) A elixir o médico e os demais sanitarios titulados de acordo coas condicións contempladas na Lei Xeral de Sanidade, nas disposicións que se diten para o seu desenvolvemento e nas que regulen o traballo sanitario nos Centros de Saúde.
- D) A elixir o médico e o persoal de enfermería xeral entre as opcións que lles presenten o responsable do seu caso. Fará falta o consentimento por escrito en caso de cambio.

**9. A lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, téñ por obxecto actuar contra a violencia que se exerce como manifestación de:**

- A) A discriminación dos homes sobre as mulleres.
- B) A situación de desigualdade dos homes sobre as mulleres.
- C) As relacións de poder dos homes sobre as mulleres.
- D) Todas son correctas.

**10. De acordo co artigo 50 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, os postos de xefatura de servizo das áreas de xestión e servizos, proveranse polo sistema de:**

- A) Concurso de méritos.
- B) Avaliación colexiada.
- C) Libre designación.
- D) Ningunha resposta das anteriores é correcta.

**1. Que ocorre se en primeira votación o candidato á Presidencia da Xunta de Galicia non obtén a maioría requirida?**

- A) Procederase a unha nova votación corenta e oito horas despois da anterior.
- B) Procederase a unha nova votación vintecatro horas despois da anterior.
- C) Procederase a unha nova votación dentro do prazo de vintecatro horas despois.
- D) Procederase a unha nova votación setenta e dúas horas despois da anterior.

**2. Segundo o artigo 35 da Lei 8/2008, do 10 de xullo , sen prexuízo das competencias atribuídas ás restantes administracións públicas de Galicia, e en coordinación con elas, NON corresponde á Consellería de Sanidade en materia de saúde laboral o exercicio da seguinte función:**

- A) A elaboración e aprobación dos protocolos de vixilancia sanitaria específica segundo os riscos para a detección precoz de problemas de saúde que poidan afectar os traballadores e traballadoras no desenvolvemento das súas tarefas.
- B) Manter o debido respecto ao persoal que presta os seus servizos no ámbito do sistema privado.
- C) A promoción da información, formación e participación dos traballadores e empresarios nos plans, programas e actuacións sanitarias no ámbito da saúde laboral.
- D) A supervisión da formación que, no terreo de prevención e promoción da saúde laboral, haxa de recibir o persoal sanitario dos servizos de prevención autorizados.